



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Mantemento e Inspeccións	Código	631G01475	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña			
Coordinación	Pacheco Martínez, Eliseo Antonio	Correo electrónico	eliseo.pacheco@udc.es	
Profesorado	Pacheco Martínez, Eliseo Antonio	Correo electrónico	eliseo.pacheco@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia pretende formar aos/as futuros/as oficiais de cuberta no como e o porqué de realizar operacións de Mantemento no seu buque. O mantemento da súa seguridade (co fin de preservar vidas e evitar contaminación), a súa navegabilidade (a efectos de seguro), a súa explotación como do seu valor económico, constitúen as causas máis importantes para dominar esta materia.</p> <p>Doutra banda, nun mundo cada vez responsabilizado na Prevención, os organismos inspectores sobre o buque teñen cada vez un maior peso na súa explotación. É por iso que coñecer que tipo de Inspeccións e como se realizan constitúe unha parte fundamental de coñecemento dun mariño profesional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
RA3C-Redactar e interpretar documentación técnica en inglés.	A56		
RA5C-Identificar compoñentes do buque.	A58		
RA6C-Identificar as situacións críticas e usar os medios dispoñibles ao fin de resolvelas con efectividade.	A59		
RA9H-Resolver eficazmente os problemas prácticos asociados á materia aplicando os coñecementos adquiridos.		B31	
RA31H-Inspeccionar os defectos e avarías nos espazos de carga, as escotillas e os tanques de lastre, e presentar informes ao respecto		B42	
RA61H-Proveer servizos radioeléctricos en situacións de emerxencia		B60	
RA63H-Tomar precaucións para prever os riscos nas operacións dos buques tanque.		B62	
RA69H-Tomar precaucións para prever os riscos nas operacións dos buques tanque para o transporte de gas licuado.		B68	
RA79H-Tomar precaucións para prever a contaminación do medio marino.		B78	
RA80H-Observar as prácticas de seguridade no traballo.		B79	
RA91H-Inspeccionar e manter os sistemas e o equipo de detección e extinción de incendios.		B88	
RA99H-Mantener as condicións establecidas nun plan de protección do buque.		B96	
RA101H-Realizar inspeccións periódicas da protección do buque.		B98	
RA102H-Utilizar axeitadamente o equipo e os sistemas de protección, se los hai.		B99	
RA19X-Promover os hábitos hixiénicos e saudables adecuados e fomentar o interese e cooperación dos traballadores nunha acción preventiva integrada.			C17
RA33X-Manter a navegabilidade do buque			C25
RA37X-Vixiar o cumprimento das prescricións lexislativas			C27
RA52X-Evaluar as avarías e defectos notificados, nos espazos de carga, as tapas de escotilla e os tanques de lastre, e adoptar as medidas oportunas			C33



RA55X-Vixiar e controlar o cumprimento das prescricións legislativas e das medidas para garantir a seguridade da vida humana no mar, a protección marítima e a protección do medio marino			C34
RA56X-Manter a seguridade e protección do buque, da tripulación e os pasaxeiros, así como o bo estado de funcionamento dos sistemas de salvamento, de loita contra incendios e demais sistemas de seguridade			C35
RA84X-Facerse cargo dunha embarcación de supervivencia ou dun bote de rescate durante e despois da posta a flote.			C36

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución ao Mantemento.	Necesidade. Tipos. Normativa relacionada. Certificados.
Inspeccións e mantementos a cargo do Departamento de Cuberta	Estrutura. Equipos Seguridade. Medios de embarque e desembarque. Amarre e fondeo. Carga e descarga. Navegación. GMDSS Sanidade.
PRL.	Riscos. Prevención. EPI's. Permisos de Traballo. Coordinación.
Xestión do Mantemento.	Plan de Mantemento. Rexistros Pedidos. Stocks. Pañoles.
Inglés Técnico relacionado.	Informes. Manuais Técnicos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	30	38	68
Obradoiro	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	24	24	48



Proba mixta	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	8	0	8
Traballos tutelados	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	0	20	20
Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Presentación oral dos temas que compoñen a materia, buscando tamén a participación activa do alumnado. Como soporte poderíase utilizar presentacións en Power Point, software técnico (CAD, Maxsurf, etc) e vídeos. Algúns contidos pódense desenvolver en inglés.</p> <p>O profesor terá a facultade de subir apuntamentos á Aula Virtual. O contido destes apuntamentos pretende ser un resumo dos contidos desenvolvidos no curso, pero non deben considerarse como a única fonte de información. Espérase dos alumnos/as completen dita información con anotacións das explicacións e discusións levadas a cabo en clase, así como coa bibliografía recomendada.</p>
Obradoiro	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p>
Proba mixta	<p>Proba Mixta.</p> <p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Proba obxectiva</p> <p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Un exemplo de Traballo Tutelado pode ser a elaboración dun Plan de Mantemento ou unha Planificación preventiva de riscos laborais.</p>
---------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Ao final de cada actividade docente, reservarase un tempo para resolución das dúbidas que poida expor cada alumno/a.
Obradoiro	
Traballos tutelados	<p>Email.</p> <p>O profesor tentará responder canto antes a todas as dúbidas enviadas.</p> <p>Teams.</p> <p>Dependerá da dispoñibilidade do profesor.</p> <p>En canto ao "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" o profesor poderá ofrecer a posibilidade de titorías en liña.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	<p>Cada Proba Mixta constará de preguntas teóricas (proba de ensaio, resposta breve, etc.) e de preguntas prácticas. Para que estas probas fagan media entre si, a nota mínima de cada unha será de 4,5.</p> <p>Se a media das probas mixtas é menor de 5,0 considerarase que o/a alumno/a non superou a Avaliación Continua.</p>	70
Sesión maxistral	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	<p>Será necesaria unha asistencia mínima do 80% para cualificar a Avaliación Continua.</p> <p>A falta de puntualidade pode ser motivo para non ser aceptado na aula.</p> <p>Para permitir a asistencia a certas clases con contido xa subido ao Campus Virtual, o profesor poderá pedir previamente á entrada un esquema, mapa conceptual ou resumo dos temas que se van a tratar nas mesmas.</p>	0
Obradoiro	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	<p>Será necesaria unha asistencia mínima do 80% para cualificar a Avaliación Continua.</p> <p>A falta de puntualidade pode ser motivo para non ser aceptado na aula.</p> <p>Para permitir a asistencia a certas clases con contido xa subido ao Campus Virtual, o profesor poderá pedir previamente á entrada un esquema, mapa conceptual ou resumo dos temas que se van a tratar nas mesmas.</p>	0



Traballos tutelados	A56 A58 A59 B31 B42 B60 B62 B68 B78 B79 B88 B96 B98 B99 C17 C25 C27 C33 C34 C35 C36	Os traballos serán avaliados atendendo a unha rúbrica. Se a nota do traballo (ou a media dos mesmos se se fai máis dun) é menor de 5,0 considerárase que o/a alumno/a non superou a Avaliación Continua.	30
---------------------	--	---	----

Observacións avaliación



Dereito a Avaliación

Continua (EC).

Para ter o dereito a EC, será necesario como mínimo un 80% da asistencia ás clases presenciais, xa sexa de docencia expositiva como de interactiva.

Probas mixtas.

O 70% da cualificación da EC obtense da media das probas mixtas realizadas (unha ou varias) os temas contidos da materia. Para que estas probas fagan media entre si, a nota mínima será de 4,5. Se a media das probas mixtas é menor de 5,0 considerarase que o/a alumno/a non superou a EC.

Traballo(s) tutelado(s).

O 30% da cualificación da EC obtense da nota do traballo tutelado. O traballo será avaliado atendendo a unha rúbrica. Se a nota do traballo (ou a media dos mesmos se se fai máis dun) é menor de 5,0 considerarase que o/a alumno/a non superou a EC.

Convocatorias oficiais de 1ª e 2ª oportunidade.

O alumnado que non supere a EC (asistencia mínima e cualificación) ou que decida non seguir aquela, poderase presentar ás convocatorias finais de 1ª e/ou 2ª Oportunidade.

A avaliación destas convocatorias consistirá nunha Proba Mixta que poderá constar de calquera tipo de pregunta. Os contidos destas Probas Mixtas poderán abarcar calquera contido da materia.

A cualificación final da convocatoria será a nota desta proba.

Redondeo.

Todas as notas serán sobre un resultado máximo de 10,0. Para superar a avaliación continua e as dúas oportunidades, a nota final deberá ser un 5,0. Calquera nota por baixo considerarase como suspenso. O redondeo dunha nota farase á décima máis próxima. No caso de que a centésima que sexa 5 redondearase á décima superior.

Dispensa Académica, Dedicación ao estudo, Permanencia e Fraude Académica.

Estes temas rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia (segundo establézase na correspondente normativa da UdC), poderá acollerse á EC sen necesidade de asistir o 80% das clases presenciais. Para iso, estes/as alumnos/as informarán debidamente o profesor, ao principio do curso, da devandita situación de dispensa académica e así como da súa dispoñibilidade horaria de asistencia. O profesor acordará individualmente con este alumnado as metodoloxías para compensar a non asistencia ás clases presenciais e a súa correspondente avaliación.



Bibliografía básica	SOLAS. Edición refundida de 2020. Organización Marítima Internacional. London. 2021. IMO Resolution A.741(18). International Management Code for the Safe Operation of Ships and for Pollution Prevention (ISM Code), as amended. IMO Resolution A.1156(32). Survey Guidelines under the Harmonized System of Survey and Certification (HSSC), 2021. IMO Resolution A. 1155(32). Procedures for Port State Control, 2021. IMO Resolution MSC.461(101). Amendments to the International Code on the Enhanced Programme of Inspections During Surveys of Bulk Carriers and Oil Tankers, 2011 (2011 ESP Code) .IACS Recommendation 76. Guidelines for Surveys, Assessment and Repair of Hull Structure. Bulk Carriers. IMO MSC.1/Circ.1330. Guidelines for maintenance and repair of protective coatings. IMO MSC/Circular.1070. Ship Design, Construction, Repair and Maintenance. IMO MSC/Circular.1117. Guidance for Checking the Structure of Bulk Carriers. Real Decreto 1837/2000. Reglamento de inspección y certificación de buques civiles.
Bibliografía complementaria	Anti-fouling systems International Convention on the Control of Harmful Anti-Fouling Systems on Ship, 2001 (AFS 2001). Organización Marítima Internacional. London. 2005. Prevention of corrosion on board ships. Prévention de la corrosion à bord des navires. Prevención de la corrosión a bordo de los buques. Organización Marítima Internacional. London. 2010. Inspection, repair and maintenance of ship structures. Caridis, P.A. London. Witherby Seamanship International. 2nd ed. 2009. Manual para la inspección y emisión de certificados sanitarios a buques. Organización Mundial de la Salud. 2012.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Hixiene Naval e Riscos Laborais/631G01104
 Construcción Naval/631G01105
 Química/631G01107
 Economía Marítima/631G01201
 Sistemas Enerxéticos e Auxiliares do buque/631G01204
 Inglés Técnico Marítimo/631G01275

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Inglés Aplicado/631G01478

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas en Buque/631G01476

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías